

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2013.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do luns día **CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnease a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e Dº KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión extraordinaria (urxente) de 24 de outubro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria de 30 de outubro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 08 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 15 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 29 de novembro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria urxente de 30 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 13 de decembro de 2012

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ALEGACIÓN PRESENTADAS POR Dº RAMÓN RODRÍGUEZ ESPIÑO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL DO 11 DE OUTUBRO DE 2012

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DENUNCIA PRESENTADA POR D'ELENA CONCEPCIÓN COLMEIRO GONZÁLEZ.

4.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE SOBRE RECOLLIDA DE RESIDUOS PLÁSTICOS AGRÍCOLAS.

5.- ESCRITO DO SERVIZO DE PROMOCIÓN DE EMPREGO SOBRE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO RURAL.

6.- ESCRITO DE Dº PAULINO CIBREIRO REY SOBRE AMPLIACIÓN DE EXCEDENCIA DE LICENCIA DE TAXI.

7.- EXPEDIENTES DE BAIXA NO SAF NOS PROGRAMAS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCE

- Carmen Fernández Seijo
- Filomena Louzao Villamayor
- Carmen Salgueiro Míguez
- Pilar García Villanueva
- Mª Luisa Penido Sánchez

8.- URBANISMO

- Cambio de titularidade: María Alejandra Carvalho Fraiz
- Cambio de titularidade: Yolanda Rueda Quijano
- Acondicionamento de local: Abastecimientos y Construcciones S.A.
- Licencia de apertura: Agrupación Local de Silleda do PSdeG-PSOE
- Licencia de actividad: Jennifer Ucha González
- Licencia de obra: María Míguez Rozados
- Licencia definitiva de actividad: Banesto S.A.
- Licencia de Obra e provisional de actividad: Beatriz Castro Daida en representación de Agapel Pelting S.L.
- Licencia de Obra e provisional de actividad: José Luis Bascuas Gómez

1º.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión extraordinaria (urxente) de 24 de outubro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria de 30 de outubro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 08 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 15 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 29 de novembro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria urxente de 30 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 13 de decembro de 2012

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da sesión extraordinaria (urxente) de 24 de outubro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria de 30 de outubro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 08 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 15 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2012

- Acta da sesión ordinaria de 29 de novembro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria urgente de 30 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 13 de decembro de 2012

A Alcaldesa pregunta si hai observacións ou correccións en relación as actas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar as actas da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da sesión extraordinaria (urgente) de 24 de outubro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria de 30 de outubro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 08 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 15 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 29 de novembro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria urgente de 30 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 13 de decembro de 2012

(Serán transcritas ó Libro de Actas da Xunta de Goberno Local)

**2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBOR ALEGACIÓN
PRESENTADAS POR Dº RAMÓN RODRÍGUEZ ESPIÑO
CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
11 DE OUTUBRO DE 2012**

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta da Alcaldesa sobre as alegacións presentadas por Dº Ramón Rodríguez Espiño con data 15 de novembro de 2012 contra o acordo desta Xunta de Goberno de data 11 de outubro de 2012 que se transcribe:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBOR AS
ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON RAMÓN RODRIGUEZ ESPIÑO CON
DATA 15 DE NOVEMBRO DE 2012 CONTRA O ACORDO DESTA XUNTA DE
GOBERNO DE DATA 11 DE OUTUBRO DE 2012**

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A xunta de goberno local con data 11 de outubro de 2012 adoptou o

seguinte acordo:

PRIMEIRO: incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construcción do peche con tubos e columnas que se está realizando por D. Ramón Rodriguez Espiño, no solar da súa propiedade sito no lugar de Alfonsiños N°2, na parroquia de Cervaña (Silleda) conforme se establece no artigo 209 da LOUGA.

SEGUNDO: Ordear a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños N°2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodriguez Espiño.

TERCEIRO: Adoptar as seguintes medidas cautelares:

- *Ordear a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.*
- *Ordear o precintado das obras, instalacions e elementos auxiliares das actividades obxeto de suspensión, dándolle traslado a Policía Local para o efectivo cumprimento desta orde.*
- *Proceder á execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumplimento da orde de paralización.*

CUARTO: Notificar aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacions que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días

Asi mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

QUINTO: Notificar ó Rexistro da propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a sús publicidade e práctica dos asentos."

SEGUNDO: O sr. Rodriguez Espiño presentou en data 15 de novembro de 2012, escrito de alegacions no que dice:

- *Que a parcela 1039 está rodeada polo seu frontal por unha pista de concentración parcialaria pola cal discorre unha canalización de recollida de augas, a cal foi realizada por maquinaria e operarios do concello de Silleda, así como un trozo de zanxa que na actualidade atópase sen acabar tal e como a deixou o propio concello*
- *Que colocou medias cañas/ tubos encima dos tubos da canalización xa*

existente nunha lonxitude aproximada de 5 metros lineais.

- *Que fixo unha columa de formigón de 1.70 m de altura e separouna doutra xa feita a unha distancia de 5.50 metros coa idea de facer unha entrada para dar acceso a vivenda sita no lugar de Alfonsiños, Nº 4 en Cervaña*
- *Que parte da canalización discorre por terreos da súa propiedade como claramente se aprecia na zona*
- *Estima que as medias cañas e as columnas atópanse fora do ancho legal da pista de Concentración parcelaria.*

E solicita:

- a) *Que se proceda a paralizar o expediente sancionador*
- b) *Que polos servicios técnicos de urbanismo do concello de Silleda se realice unha medición da anchura legal da pista.*
- c) *En compensación o terreo da miña propiedade polo cal discorre parte da canalización, se me autorice a realizar a entrada a parcela para dar acceso a vivienda, sita no lugar de Alfonsiños, Nº4 en Cervaña.*

TERCEIRO: *Por providencia de data 10 de decembro acordouse por esta alcaldesa, previa entrega do expediente administrativo, encargar á avogada dona Carmen González Gómez a emisión de informe xurídico sobor estas alegacions.*

CUARTO: *Con data 20 de decembro emite informe xurídico no que conclúe que as alegacions, presentadas polo sr Rodriguez Espiño deben ser REXEITADAS por non desvirtuar o contido do informe da policía local e o informe técnico obrante no expediente, xa que:*

- **1º- Recoñece a autoría das obras** sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están ainda en fase de execución (que non están rematadas).
- **2º- Non aporta licencia urbanística** (á policía local maniféstalle que non a posúe).
- **3º- Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal**, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras

NON LEGALIZABLES, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.

Á vista deste informe xurídico e demás informes obrantes no expediente, PROPOSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1º- Rexeitar as alegacions presentadas por don Ramón Rodriguez Espiño, con data 15 de novembro de 2012, rexistro entrada 6040 por non desvirtuar o contido do informe da policía local e o informe técnico obrante no expediente ,xa que:

- 1º- Recoñece a autoría das obras sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están ainda en fase de execución (que non están rematadas).*
- 2º- Non aporta licencia urbanística (á policía local maniféstalle que non a posie).*
- 3º- Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras NON LEGALIZABLES, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.*

2º- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demás normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requerindo a tal efecto a don Ramón Rodriguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos de formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización destas obras, advertindoo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse á súa retirada a súa costa.

TERCEIRO: Notificar este acordo a don Ramón Rodriguez Espiño, concedéndolle un prazo de dez días para formular alegacions a esta proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 209.3 da LOUGA.”

Visto o informe emitido pola asesora xurídica externa Doña Carmen González Gómez, de data 20 de decembro de 2012, que se transcribe:

“De conformidade co acordado en providencia de data 10 de decembro de 2012, emito informe xurídico-proposta de resolución sobor as alegacions presentadas con data 15 de novembro, nº rexistro de entrada 6040, por don Ramón Rodriguez Espiño , do que se consignan como previos, os seguintes.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A xunta de goberno local con data 11 de outubro de 2012 adoptou o seguinte acordo:

"**PRIMEIRO:** incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construcción do peche con tubos e columnas que se está realizando por D. Ramón Rodríguez Espiño, no solar da súa propiedade sito no lugar de Alfonsiños N°2, na parroquia de Cervaña (Silleda) conforme se establece no artigo 209 da LOUGA.

SEGUNDO: Ordear a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños N° 2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodríguez Espiño.

TERCEIRO: Adoptar as seguintes medidas cautelares:

- Ordear a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.
- Ordear o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policia Local para o efectivo cumprimento desta orde.
- Proceder á execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumplimento da orde de paralización.

CUARTO: Notificar aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días

Así mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

QUINTO: Notificar ó Rexistro da propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos."

SEGUNDO: Consta no expediente administrativo informe técnico de don Lino Do Porto Framil de data 9 de agosto de 2012, no que se di:

"En resposta ao requerimento da alcaldía do concello de Silleda, de dia 19 de xullo 2012, relativa as obras efectuadas no lugar de Alfonsiños, parroquia de Cervaña, do que consta informe da Policia local ref 286/12, polo que se solicita por parte dos servizos técnicos de urbanismo, que se pronuncien sobre o seguinte:

"Solicito informe sobre se a obra pode ser legalizable"

ANTECEDENTES:

1 O solo onde se están executando as obras está clasificado no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, coas modificacions que supuxo a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) na súa disposición transitoria primeira, para o planeamento non adaptado, como solo rústico.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, redáctase o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

2 As obras que están executando, aparentemente de colocación duns tubos de formigón e duas columnas co obxecto de facer unha entrada a unha finca, non son compatibles co planeamento vixente. Por non cumplir o recuamento mínimo que establece o PXOM (art 99.1 e) de 3 metros á arista exterior da explanación nin 1 m. co compromiso de derribo. Por tanto, cómpre adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, segundo establece o art 241 da citada LOUGA e concordantes.”

TERCEIRO: O sr. Rodríguez Espiño no seu escrito de data 15 de novembro de 2012, solicita: a) Que se proceda a paralizar o expediente sancionador, b) Que polos servicios técnicos de urbanismo do concello de Silleda se realice unha medición da anchura legal da pista. c) En compensación o terreo da miña propiedade polo cal discorre parte da canalización, se me autorice a realizar a entrada a parcela para dar acceso a vivienda, sita no lugar de Alfonsiños, Nº4 en Cervaña. En defensa do solicitado argumenta:

- *Que a parcela 1039 está rodeada polo seu frontal por unha pista de concentración parcelaria polo cal discorre unha canalización de recollida de augas, realizada polo concello de Silleda*
- *Que colocou medias cañas/ tubos encima dos tubos da canalización xa existente nunha lonxitude aproximada de 5 metros lineais.*
- *Que fixo unha columna de formigón de 1.70 m de altura e separouna doutra xa feita a unha distancia de 5.50 metros para facer unha entrada para dar acceso a vivenda sita no lugar de Alfonsiños, Nº4 en Cervaña*
- *Que parte da canalización discorre por terreos da súa propiedade.*
- *Estima que as medias cañas e as columnas atópanse fora do ancho legal da pista.*

CUARTO: As alegacions deben ser REXEITADAS xa que non desvirtúan o contido do informe da policía local e o informe técnico, polo seguinte:

1º- Recoñece a autoría das obras sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están ainda en fase de execución (que non están rematadas).

2º- Non aporta licencia urbanística (á policía local manifestalle que non a posúe).

3º- Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras NON LEGALIZABLES, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.

O que se informa desde o punto de vista xurídico ao leal saber e entender da avogada que sucribe, sen perxuízo doutro criterio mellor fundado.

*En Silleda a 20 de decembro de 2012
Asdo.: MC. González Gómez”*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, segundo o informe xurídico da asesora xurídica externa, Carmen González Gómez, de data 20 de decembro de 2012, por unanimidade dos presentes acorda:

Aprobar a proposta da Alcadesa sobre as alegacions presentadas por Dº Ramón Rodríguez Espiño con data 15 de novembro de 2012 contra o acordo desta Xunta de Goberno de data 11 de outubro de 2012, segundo o contido literal que se volve a transcribir:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBORAS ALEGACIONS PRESENTADAS POR DON RAMÓN RODRIGUEZ ESPIÑO CON DATA 15 DE NOVEMBRO DE 2012 CONTRA O ACORDO DESTA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 11 DE OUTUBRO DE 2012

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A xunta de goberno local con data 11 de outubro de 2012 adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construción do

peche con tubos e columnas que se está realizando por D. Ramón Rodriguez Espiño, no solar da súa propiedade sito no lugar de Alfonsiños N°2, na parroquia de Cervaña (Silleda) conforme se establece no artigo 209 da LOUGA.

SEGUNDO: *Ordear a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños N°2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodriguez Espiño.*

TERCEIRO: *Adoptar as seguintes medidas cautelares:*

- *Ordear a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.*
- *Ordear o precintado das obras, instalacions e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policia Local para o efectivo cumprimento desta orde.*
- *Proceder á execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumplimento da orde de paralización.*

CUARTO: *Notificar aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacions que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días*

Asi mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

QUINTO: *Notificar ó Rexistro da propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a sús publicidade e práctica dos asentos."*

SEGUNDO: *O sr. Rodriguez Espiño presentou en data 15 de novembro de 2012, escrito de alegacions no que dice:*

- *Que a parcela 1039 está rodeada polo seu frontal por unha pista de concentración parcelaria pola cal discorre unha canalización de recollida de augas, a cal foi realizada por maquinaria e operarios do concello de Silleda, así como un trozo de zanxa que na actualidade atopase sen acabar tal e como a deixou o propio concello*
- *Que colocou medias cañas/ tubos encima dos tubos da canalización xa existente nunha lonxitude aproximada de 5 metros lineais.*
- *Que fixo unha columna de formigón de 1.70 m de altura e separouna doutra xa feita a unha distancia de 5.50 metros coa idea de fazer unha*

entrada para dar acceso a vivenda sita no lugar de Alfonsiños, Nº 4 en Cervaña,

- Que parte da canalización discorre por terreos da súa propiedade como claramente se aprecia na zona*
- Estima que as medias cañas e as columnas atópanse fora do ancho legal da pista de Concentración parcelaria .*

E solicita:

- a) Que se proceda a paralizar o expediente sancionador*
- b) Que polos servicios técnicos de urbanismo do concello de Silleda se realice unha medición da anchura legal da pista.*
- c) En compensación o terreo da miña propiedade polo cal discorre parte da canalización, se me autorice a realizar a entrada a parcela para dar acceso a vivienda, sita no lugar de Alfonsiños, Nº4 en Cervaña.*

TERCEIRO: *Por providencia de data 10 de decembro acordouse por esta alcadesa, previa entrega do expediente administrativo, encargar á avogada dona Carmen González Gómez a emisión de informe xurídico sobor estas alegacions.*

CUARTO: *Con data 20 de decembro emite informe xurídico no que conclúe que as alegacions, presentadas polo sr Rodriguez Espiño deben ser REXEITADAS por non desvirtuar o contido do informe da policía local e o informe técnico obrante no expediente, xa que:*

- 1º- Reconoce a autoría das obras sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están ainda en fase de execución (que non están rematadas).*
- 2º- Non aporta licencia urbanística (á policía local maniféstalle que non a posúe).*
- 3º- Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras NON LEGALIZABLES, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.*

Á vista deste informe xurídico e demais informes obrantes no expediente,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1º- Rexeitar as alegacions presentadas por don Ramón Rodriguez Espiño, con data 15 de novembro de 2012, rexistro entrada 6040 por non desvirtuar o contido do informe da policía local e o informe técnico obrante no expediente ,xa que:

- 1º- Recoñece a autoría das obras sobor as que se incoa o presente expediente de reposición da legalidade e que estas están ainda en fase de execución (que non están rematadas).*
- 2º- Non aporta licencia urbanística (á policía local maniféstalle que non a posúe).*
- 3º- Non nega que as obras non gardan o retranqueo legal, que establece o PXOM e no que se basa o informe técnico para considerar ditas obras NON LEGALIZABLES, xa que o recurrente, limitase a manifestar que cree que están fora do ancho legal da pista.*

2º- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición e reposición do terreo o estado anterior a ditas obras, requerindo a tal efecto a don Ramón Rodriguez Espiño para que proceda a retirada dos tubos de formigón e das columnas, deixando o terreo no estado anterior a realización destas obras, advertindoo que de non executalo no prazo dun mes, procederáse á súa retirada a súa costa.

TERCEIRO: Notificar este acordo a don Ramón Rodríguez Espiño, concedéndolle un prazo de dez días para formular alegacions a esta proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 209.3 da LOUGA. ”

**3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DENUNCIA
PRESENTADA POR Dª ELENA CONCEPCIÓN COLMEIRO
GONZÁLEZ.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta da Alcaldesa sobre denuncia presentada por DªElena Concepción Colmeiro González, (escrito de data 08 de novembro de 2012, Registro de Entrada no Concello nº 5901, de data 09 de novembro de 2012), que se transcribe:

"ANTECEDENTES"

1- Con data 9 de novembro de 2012, tivo entrada neste concello escrito suscrito por doña Elena Mercedes Concepción Colmeiro González, rexistro entrada N° 5901 no que exponía que na casa colindante a da súa propiedade (Constela número 14) e propiedade de M^a Victoria Curras Sánchez, as canaletas de recollida de auga, discorren para a súa propiedade, causándolle danos.

2- As competencias do concello limitanse a materia de urbanismo, non tendo o concello competencias en materia cívica. Os temas relativos a recollida e baixantes de augas pluviais, lindes de propiedade e danos e perxucios que se susciten entre particulares, deben ser tratadas ante a xurisdicción civil.

Por todo o exposto proponse, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1º - Arquivar a presente denuncia por versar sobre cuestiós nas que o concello carece de calquer competencia, por ser eminentemente cívica.

2º - Notificar esta resolución a doña Elena Colmeiro González."

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Alcadesa transcrita e polo dito:

1º- Arquivar a presente denuncia por versar sobre cuestiós nas que o concello carece de calquer competencia, por ser eminentemente cívica.

2º- Notificar esta resolución a doña Elena Colmeiro González.

(Incorpórase á sesión o Concelleiro Klaus Brey Montaña)

**4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE
SOBRE RECOLLIDA DE RESIDUOS PLÁSTICOS
AGRÍCOLAS.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcadesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta do Concelleiro de Medio Ambiente, Antonio Couso Álvarez, de data 21 de decembro de 2012, sobre recollida de residuos de plásticos que se transcribe:

"Visto que o Concello de Silleda está adherido a un Programa de Recollida de Residuos Plásticos Agrícolas elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co compromiso de que pola empresa GESECO, antes de Xuño de 2012 TRAGSA, adxudicataria do servizo, se realice o transporte dos residuos dende a Punto Limpo ata a Planta de Tratamento.

Visto que este programa non contempla a recollida porta a porta polas parroquias o que supuxo un gasto ao Concello o pasado 2011 de aproximadamente 8.920,8 Euros, por 101,72 Tn.

Visto que este convenio enmárcase dentro de unha fórmula de libre adhesión, voluntaria e con dereito á rescisión en calquera momento previa a comunicación á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Visto que, como contraprestación á adxudicación desta recollida á empresa SECOPE S.A., esta fai unha proposta económica especialmente importante para as arcas do concello, que supón a gratuidade total desta actividade, máis outras moi interesantes que se reflicten no documento presentado de data 19 de novembro de 2012 baixo o título xenérico de :

OFERTA: MEJORA P. LIMPIO y RECOGIDA DE PLASTICO AGRICOLA e que di textualmente: (Acompáñase)

Según reunión mantenida con los Concejales de Obras y Medioambiente de Silleda, detallo a continuación lo comentado:

*Recogida de plásticos agrícolas puerta a puerta, 1-2 días al mes, mediante camión grúa de 8 m³ 0 €/servicio.
Recogida de cartón de los contenedores azules (como se viene realizando) Recogida de ruedas con camión grúa (el coste de las ruedas se le pasaría al ganadero) 0 €/Servicio.*

Coste de ruedas:

- Coche..... 1,30 €/ud.
- Furgoneta..... 2,10 €/ud
- Camión..... 7,25 €/ud.
- Tractor..... 7,25 €/ud.

Prestación de servicio de camión grúa 2 días al año para servicios medioambientales que el Ayuntamiento designe 0 €/servicio.

PUNTO LIMPIO

- Coste Residuos Plásticos Recuperables 10 €/Tn.
- Transporte de contenedor Residuos Plásticos 150 €/ud
- 30% de descuento sobre facturación, el coste bruto del P. Limpio, por buena clasificación.

Nota: la recogida del plástico 2 días al mes, se estabilizaría después de realizar la recogida general que tienen programada.

*En Riveira, a 19 de noviembre de 2012
Fdo.: Francisco García Casais
L.SECOPE,S.A.”*

Esta Concellería de Medio Ambiente propón ao Goberno Local que se adopte o seguinte Acordo:

1.- Comunicación polo Concello de Silleda do CESE da adhesión ao Programa de Recollida de Residuos Plásticos Agrícolas perante o Servizo de Planificación, Prevención e Información da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente

2.- Aprobar a proposta da Empresa Secope nos termos en que ven establecida durante un período de 1 ano prorrogable por periodos iguais.”

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta do Concelleiro transcrita, e polo tanto:

1.- Comunicación polo Concello de Silleda do CESE da adhesión ao Programa de Recollida de Residuos Plásticos Agrícolas perante o Servizo de Planificación, Prevención e Información da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente

2.- Aprobar a proposta da Empresa Secope nos termos en que ven establecida durante un período de 1 ano prorrogable por periodos iguais.

**5º.- ESCRITO DO SERVIZO DE PROMOCIÓN DE EMPREGO
SOBRE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE
AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO RURAL.**

Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido polo Servizo Promoción do Emprego - Xefatura Territorial de Vigo - Consellería de Traballo e Benestar, asinado o 21 de decembro de 2012 polo Xefe do Servizo de Promoción do Emprego, Ramón

Díaz Carnero, (Rexistro de Saída da Xunta nº 119346/RX 154884, de data 21 de decembro de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 6, de data 02 de xaneiro de 2013), remitindo notificación de resolución do Xefe Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, de data 21 de decembro de 2012, **correspondente o procedemento “TR351B. Subvención para a contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local. Expediente TR351B 2012/47-5”**, que literalmente di:

“PROCEDIMENTO: TR351B. SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
EXPEDIENTE TR351B 2012/47-5
SOLICITANTE CONCELLO DE SILLEDA

Vista a solicitude presentada neste rexistro o 31/10/2012 por PAULA M" FERNÁNDEZ PENA en nome e representación da entidade CONCELLO DE SILLEDA (C.I.F. P3605200I), coa finalidade de obter unha subvención para a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A entidade solicitante comprometeuse a realizar unha aportación suficiente para financiar os custos que non sexan financiados pola Consellería de Traballo e Benestar e achegou a documentación esixida polo artigo 6º da Orde do 26 de setembro de 2012 (DOG 02/10/2012).

E considerando os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A entidade solicitante cumpre os requisitos e límites establecidos polos artigos 1º, 2º e 4º da antedita orde.

SEGUNDO.- Na tramitación do procedemento seguiríonse as prescricións establecidas pola precitada disposición e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (B.O.E. nº 285, de 27/11/1992).

De conformidade co acordo adoptado pola Comisión de Valoración, na súa sesión celebrada o pasado 20 de decembro de 2012, mediante o que se propón a concesión dunha subvención á antedita entidade polo importe total de 9.937,33 euros para financiar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local.

E no uso das facultades que ten atribuídas en virtude do previsto no artigo

9º e a disposición adicional segunda da referida orde, esta/e xefe/a territorial, por delegación da Conselleira de Traballo e Benestar,

RESOLVE

PRIMEIRO. Outorgar unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.322A.460.02.4-201100596, (polo importe total de 9.937,33 euros á entidade CONCELLO DE SILLEDA, subvención que consistirá na financiación da contía equivalente ao 29,24% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, derivados da prorroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local, por un período dun ano, cos límites establecidos no artigo 4º da Orde do 26 de setembro de 2012 (DOG 02/10/2012).

SEGUNDO. O servizo subvencionado deberá iniciarse dentro do exercicio 2012, tendo en conta que o prazo máximo para a remisión da documentación xustificativa será o 31/12/2012.

TERCEIRO A entidade beneficiaria asume, ademais das establecidas na Lei 9/2007, de 13 de junio de subvenciones de Galicia, as seguintes obrigas:

- a) *Comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 10.*
- b) *Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
- c) *Aboar ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e sexan acordes á súa categoría profesional e titulación.*
- d) *Con independencia do cobramento ou non da subvención, deberán satisfacer ao seu vencemento e, mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas que se deriven do funcionamento dos servizos subvencionados, especialmente as de carácter salarial.*
- e) *Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Traballo e Benestar e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas e ás que poidan corresponder, se é o caso, á Comisión e ao Tribunal de Contas Europeo.*
- f) *Comunicar, no prazo de 10 días, á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar que corresponda:*
 - o As subvencións ou axudas solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.*
 - o Aquellas modificacións substantivas que afecten á realización da actividade a desenvolver polos AEDL contratados, co obxecto de que*

- poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.*
- g) *Realizar, cando proceda e por requirimento dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar, unha valoración do nivel de competencia profesional, así como un informe global no que se describan tanto os puntos fortes como as carencias dos mozos e mozas demandantes de emprego sen titulación de tipo profesional que se incorporen ao mercado de traballo a través dos programas regulados nesta orde.*
 - h) *Poñer á disposición dos AEDL todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipos informáticos precisos, así como acceso á internet e correo electrónico.*
 - i) *Utilizar as ferramentas informáticas postas á disposición dos técnicos, especialmente, o sistema electrónico de elaboración e xestión da memoria de actividades que permita avaliar as actuacións levadas a cabo por aqueles.*
 - j) *Presentar ante a respectiva xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, no prazo de dous meses, unha vez que teña finalizado a execución das mesmas a seguinte documentación:*
 - o *Unha memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polos traballadores e traballadoras contratadas.*
 - o *Un certificado de fin de servizo segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.*
 - o *Copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores e traballadoras que se contraten e dos boletins de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2), así como os documentos bancarios correspondentes (transferencias bancarias) e máis o resumo anual de retencións sobre os rendementos do traballo (modelo 190 IRPF), unha vez se dispoña do mesmo.*
 - k) *Someterse ás actuacións de comprobación sobre o terreo que, en base á mostra seleccionada ao abeiro do procedemento descrito no Modelo dos sistemas de xestión e control da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou segundo criterios baseados no risco se realicen por persoal técnico da respectiva xefatura territorial*

Polo que respecta á protección de datos de carácter persoal:

- a) *As entidades beneficiarias obríganse a dar cumprimento ao contido do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como cantos outros artigos séxanles de aplicación ao tratamento de datos das persoas beneficiarias que levan a cabo como responsables do ficheiro.*
- b) *A entidade beneficiaria deberá tratar os datos coa finalidade exclusiva da xestión da subvención. En ningún caso os datos poderán ser obxecto dun*

tratamento distinto ao previsto na convocatoria. Calquera tratamento dos datos que non se axuste ao disposto na presente orde será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria, respondendo fronte a terceiros das infraccións en que incorrese, e fronte á Consellería de Traballo e Benestar polos danos e prexuízos que lle puiden causar.

- c) *A entidade beneficiaria manifesta cumplir coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e en particular coas medidas de seguridade correspondentes aos seus ficheiros.*

CUARTO. Esta resolución esgota a vía administrativa. Contra estas resoluciones poderá interporse recurso potestativo de reposición ou ben recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados a partir do dia seguinte ao de notificación da resolución, a tenor do disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Vigo, 21 Dec 2012
A/O xefe/a territorial
P.A. (D/109/12 do 22 de Marzo)
A XEFA DO SERVIZO DE
COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA
María Peón Fernández”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local** queda enterada deste escrito.

6º.- ESCRITO DE Dº PAULINO CIBREIRO REY SOBRE AMPLIACIÓN DE EXCEDENCIA DE LICENCIA DE TAXI.

Pola Alcadesa dase conta do escrito presentado por Dº Paulino Cibreiro Rey, de data 29 de novembro de 2012, **Rexistre de Entrada nº 6330 de data 30 de novembro de 2012, como titular da licenza de Taxi nº 02 deste Concello, no que solicita:**

“Se tenga a bien conceder una ampliación de excedencia de la licencia de taxi por un periodo de tres años aproximadamente, al igual que se reconoce el derecho de suspender temporalmente la Tarjeta de Transportes, tal y como se recoge en la Orden de 4 de Febrero de 1993 por la que se desarrolla el Reglamento de la Ley de Ordenación de los Transportes Terrestres, la misma señala la paralización de la autorización de transportes por un periodo de 5 años prorrogable por otros 5 años.

La ampliación de excedencia solicitada, no perjudica al servicio de taxi de este Concello, toda vez que en estos momentos el servicio está bien atendido y la demanda continua por parte de los usuarios cada vez más escasa, motivado por los momentos económicos que estamos atravesando y que se prevén de larga duración.”

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de decembro de 2010 que consta no expediente, que se transcribe:

“2.1.- Escrito de Dº Paulino Cibreiro Rey, Rexistro de Entrada nº 5770, de data 09 de decembro de 2010, titular da licencia municipal de Taxi, nº 02, solicitando suspensión temporal de dito servicio por un período de dous anos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da suspensión temporal solicitada, por un período de dous anos, debendo o titular da licencia dar de baixa a tarxeta de transportes do vehículo co que presta o servicio.”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes** acorda a concesión da suspensión temporal solicitada, por un período de un ano, debendo o titular da licencia dar de baixa a tarxeta de transportes do vehículo co que presta o servicio.

7º.- EXPEDIENTES DE BAIXA NO SAF NOS PROGRAMAS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCEIA

- Carmen Fernández Seijo
- Filomena Louzao Villamayor
- Carmen Salgueiro Míguez
- Pilar García Villanueva
- Mª Luisa Penido Sánchez

7.1.- Dase conta do escrito de Rosa Ana Romero García, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 07 de xaneiro de 2013, no que solicita a aprobación da baixa no SAF no programa de libre concurrencia de:

Nome a Apelido	Endereço	Motivo da baixa
Carmen Fernández Seijo	Goleta, 6 - Lamela	Pasamento
Filomena Louzao Villamayor	Rúa Calzada, 14 - Bandeira	Pasamento

Carmen Salgueiro Míguez	Castro Castrillón, 4 - Piñeiro	Pasamento
Pilar García Villanueva	República Arxentina, 20- 1ºB - Silleda	Traslado a residencia

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación destas baixas.

7.2.- Dase conta do escrito de Rosa Ana Romero García, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 07 de xaneiro de 2013, no que solicita a aprobación da baixa no SAF no programa de libre concurrencia de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
María Luisa Penido Sánchez	Paradela, 15 - Martixe	Pasamento

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación desta baixa.

8º.- URBANISMO

8.1.- Cambio de titularidade: María Alejandra Carvalho Fraiz

Visto o expediente instruido a instancia de Beatriz Castro Dalda, en representación de AGAPEL PELTING, S.L., mediante escrito de data 20 de outubro de 2011 (Rexistro de Entrada nº 4545 de data 20.10.11).

RESULTANDO: Que pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, remítense escrito de data 20 de decembro de 2012, asinado polo xefe do servizo de

calidade e avaliación ambiental, José Luis Rodríguez Fernández e o xefe territorial, José Luis Díez Yáñez, (Rexistro de Saida da Xunta de Galicia nº 181825 / RX 158387, de data 27 de decembro de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello nº 61, de data 07 de xaneiro de 2013), que literalmente dí:

"Asunto: dictame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

ANTECEDENTES

Con data de 9 de abril de 2012 (IA/56/2012), recíbese do concello de Silleda solicitude de emisión do dictame de incidencia ambiental para a actividade de nave para secado de peles no Recinto Feiral de Silleda Pavillón nº 5 solicitada por AGAPEL PELTING, S.L.

O decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental establece que estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras ou instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substanciais, contemplados no anexo I do Decreto, e que tamén estarán sometidos ao procedemento de avaliación aquelas outras actividades non contempladas en dito anexo que merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas de acordo coas definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, nestas a decisión será motivada e adoptarase acorde cos criterios obxectivos que se determinan no Anexo II do Decreto.

A actividade obxecto do informe está incluída no anexo I do decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

INFORME TÉCNICO

Da análise da documentación presentada, proxecto visado e anexos, e da información dispoñible, e baseándose no artigo 11 do mencionado Decreto 133/2008, este servizo de calidade e avaliación ambiental no ámbito da súas competencias e só a efectos ambientais sen prexuízo doutras autorizacións/permisos/licenzas, nas que o seu outorgamento corresponda a outros organismos/administracións e das competencias a eles atribuidas informa:

a/ descripción da instalación: A empresa AGAPEL PELTING, S.L promove no Recinto Feiral de Silleda Pavillón nº 5, actualmente finalizada que viña facendo actividades e exposicións, vaise dedicar á primeira fase do proceso de manipulación, limpeza e secado de peles de visón. As obras a realizar non afectaran a estrutura da nave que ten 1.798,31 m² de superficie, faranse divisións quedando a nave con as

seguintes zonas: recepción, oficina, vestuarios masculino e feminino, almacén, elaboración, entabillado-etiquetado, oficina administrativa, 4 zonas de sacado diferentes, paletizado e almacenamento.

Procesos e equipos principais: o proceso produtivo consta das seguintes fases: recepción de cadáveres/peles, desollado, conxelación (no seu caso), desengrasado, entabillado, secado, almacenado, etiquetado e expedición. Para o desollado utilizase a guillotina, o tambor cerreado, e as máquinas quick cut, body hook e Samson turbo skinning machine. No seu caso utilizanse contenedores conxeladores. O desengrasado faiuse co as máquinas de descarnado, un tambor de limpeza e un tambor ambiental. No entabillado utilizanse tablillas plásticas cubertas de fundas de papel, a máquina Fix 2 TAIL e cintas transportadoras. También se utilizan compresores de aire e un elevador telescópico. O secado faiuse en catro salas que pueden albergar 40 carros Fix- T200 cada unha.

Materias primas utilizadas: cadáveres o peles de visón.

Produtos finais: peles secas de visón

Consumos de auga e recursos enerxéticos: A auga de abastecemento procede da rede municipal de abastecemento, o consumo máximo mensual será de 187.000 litros. A electricidade sera proporcionada pola rede local cunha estima de 80.000 Kw/mes de máximo

b/ vertidos e emisións

Emisións á atmósfera: Non se considera a emisión de ningún tipo de gases nin fumes á atmosfera.

Vertidos: os vertidos xerados son as augas pluviais e as de limpeza das instalacións e contenedores. As pluviais están canalizadas ata a rede de saneamento. As procedentes da limpeza da maquinaria, contenedores e instalacións son evacuados por sumideros ata un separador de grasas que esta no exterior da nave con unha capacidade de 2.000 L.. Os residuos sólidos serán periódicamente evacuados pola empresa de xestión de residuos para o seu tratamento e destrucción.

c/ técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa xestión

Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, según a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Segregación axeitada dos residuos. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulten a súa xestión posterior. Almacenamento dos residuos

en condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente. Regularase polo recollido na memoria ambiental do proxecto.

d/ técnicas de medida, control e avaliación das emisións e verquidos e frecuencia das medicións

Calqueira incidencia comunicarase no momento de producirse, aos organismos competentes.

e/ medidas correctoras

Previa á concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Cumprirá a lexislación ambiental e sectorial aplicable, a normativa de seguridade, a relativa ás medidas de auto protección e saúde a normativa vixente en materia de contaminación acústica. Establecerá as medidas preventivas recollidas no proxecto, no apartado 6.6.

*O xefe do servizo de calidade e avaliación ambiental
José Luis Rodríguez Fernández*

DICTAME AMBIENTAL

Á vista do exposto e unha vez completado o procedemento administrativo previsto nos artigos 10 e 11 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e Territorio de Pontevedra emite o dictame de incidencia ambiental nos termos que se recollen no informe técnico elaborado polo servizo de calidade e avaliación ambiental de Pontevedra e relatado anteriormente.

Pontevedra, 20 de decembro de 2012

*O xefe territorial
José Luis Díez Yáñez”*

RESULTANDO: Que con data 11 de xaneiro de 2013, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 11 de xaneiro de 2013, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 11 de xaneiro de 2013, pelo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Beatriz Castro Dalda, en representación de AGAPEL PELTING, S.L.</i>	
<i>Data da rexistro</i>	<i>20/10/2011 N° 4545</i>	<i>Data escrito</i> <i>20/10/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Acondicionamento de nave para secado de peles</i>	
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>	
<i>Emprazamento</i>	<i>Recinto Feiral da Semana Verde de Silleda (Pavillón nº 5). Concello de Silleda</i>	
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052G513054430000RP (parcela)</i>	
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Ponce Yáñez, arquitecto técnico colegiado nº 248 e José Manuel Gutiérrez Otero, enxeñeiro técnico industrial colegiado nº 2047</i>	
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial E.T.I. o 3/5/2012, nº 972/12</i>	
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>	
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>n/d</i>	
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>	
<i>Oficio Direc. Execución</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP nº 2, 3/01/2012 DOGA Nº 4, 05/01/2012 Prensa</i>	
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>69.333,16 €</i>	

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urgentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002

7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueoloxica en Galicia.

13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia

16 Planeamento do Concello de Silleda

16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991

16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995

16.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995

16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002

16.8 P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por Beatriz Castro

Dalda, en representación de AGAPEL PELTING,S.L.,presentada con R.E. 4545 de 20/10/2011. Aporta dous copias de proxecto técnico asinado por José Ponce Yáñez, arquitecto técnico colexiado nº 248 e José Manuel Gutiérrez otero, enxeñeiro técnico industrial colexiado nº 2047.

2. O día 2 de xaneiro de 2012 emítese informe técnico de compatibilidade para esta instalación.

3. O 25 de maio de 2012, rexistro de entrada 2799, tén entrada neste Concello requirimento da Xefatura Territorial do Servizo de Calidade e Avalición Ambiental da Xunta de Galicia, no que se solicita:

3.1 Deberase determinar se o uso pretendido vai ser provisional.

3.2 Dado que a modificación puntual provisional aprobada o 21/12/2011 non é aplicable, deberá determinarse con total certeza se a modificación puntual do 8/04/2002 qu é a única vixente na actualidade ampara a instalación da actividade pretendida.

3.3 Informe razoado do Concello sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local, a existencia doutras actividades análogas, cumprimento da normativa en materia de contaminación acústica, xestión de RSU's, orixe das augas de consumo e destino das augas residuais... tal como se indica no artigo 9.1 do Decreto 133/ 2008 de 12 de xuño, polo que se regula a avaliacián de incidencia ambiental”

4. O 21 de agosto de 2012 (rexistro de entrada 4336) o promotor aporta documentación complementaria (anexo ao proxecto, estudo do nivel sonoro e documentación relativa á xestión de residuos).

5. O 11 de setembro de 2012 (rexistro de entrada 4905) o promotor aporta "proxecto de instalacións, parfa nave industrial existente, adicada a secadoiro de peles, no recinto feiral de Silleda".

6. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORMETÉCNICO:

7. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística

e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacóns, como Solo urbano. Ordenanza S.C.

8. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira "Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes" da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacóns:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

9. O uso que se pretende, segundo se desprende no memoria, é o seguinte:
"Limpeza e secado de peles"

10. Consonte ao Plan Xeral vixente, coa redacción dada pola modificación puntual sinalada no punto 16.12 deste informe técnico, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como Industrial. grao 6º: "1.- USOS PERMITIDOS:

Residencial o de vivienda: vivienda unifamiliar aneja la dotación pública con carácter de guarda.

Comercial: todos los grados

uso público: grados 1º, 2º y 3º

Recreativo de espectáculos: todos los grupos

Cultural-escolar: grado 5º

Deportivo: grado 3º y 4º

Institucional: todos los grados

Sanitario-asistencial: grado 3º

Transportes: grado 3º

Agrícola y ganadero: grado 2º

Industrial: grado 6º."

11. Na mesma modificación puntual, defíñese o grao sexto como: 6º «Industria complementaria da actividade terciaria»- no uso industrial". Segundo o artigo 51

d] "En este ámbito se permitirán los usos industriales relacionados con las industrias complementarias a las actividades terciarias existentes en la semana verde".

12. Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, consta resolución do Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I., asinada o dia 20de decembro de 2012 e remitida con rexistro de saída 181825 de 27/12/2012 RX.158387, e con rexistro de entrada do Concello de Silleda nº 61 de 7 de xaneiro de 2013, na que se autoriza a actividade dentro dos parámetros que se establecen no informe técnico que acompaña á mencionada resolución.

13. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

14. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

15. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

16. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

17. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados neste informe técnico.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistre do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.

8.9.- Licencia de Obra e provisional de actividade: José Luis Bascuas Gómez

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

Visto o expediente instruído a instancia de JOSÉ LUIS BASCUAS GÓMEZ, mediante escrito de data 14 de novembro de 2012 (Rexistro de Entrada nº 6013 de data 15.11.12).

RESULTANDO: Que con data 11 de xaneiro de 2013, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 11 de xaneiro de 2013, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 11 de xaneiro de 2013, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico favorable no que se sinala:

<i>“</i>	
<i>Solicitante</i>	<i>José Luis Bascuas Gómez</i>
<i>Data da rexistro</i>	<i>15.NOV.2012 Nº 6013 Data escrito 14.NOV.2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Cobertizo para garda de maquinaria agrícola</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Porta- Piñeiro, nº 21, Piñeiro</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052D503003130000XO</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico col. PR210</i>

<i>Proxecto</i>	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial		
	13.NOV.2012		
<i>Dirección de Obra</i>	n/d		
<i>Oficio de Dirección</i>			
<i>Dirección de Execución</i>	José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico col. PR210		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	Visado polo Colexio Oficial 13.NOV.2012		
<i>Exposición pública</i>	BOP	DOGA	Prensa
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	42.315,55€		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o

22/10/1991

16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995

16.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995

16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002

16.8 P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por José Luis Bascuñas Gómez, presentada con R.E. 6013 de 15.NOV.2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico col. PR210.

2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORMETÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.

4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:
"el uso característico de la edificación es agrícola, dado que se pretende destinara a cobertizo para guarda de maquinaria y utensilios agrícolas pertenecientes a una explotación con implantación territorial"
5. O uso solicitado é permitido neste solo, segundo os artigos 33 e 36 da LOUGA. mediante licenza municipal sen necesidade de autorización autonómica previa.
6. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. no Anexo III, **actividades excluídas do procedemento de avaliación ambiental, punto 1.3 "1.3. Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non contén con sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo conteñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles."**
7. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.
8. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.
9. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade, sempre que o combustible acumulado non supere a cantidade de 2000 litros."

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

- 1º.- **Proposta da Alcaldía sobre denuncia formulada por Dª Paz Vázquez Fernández pola existencia de tres obras no lugar de Ervixe que non se axustan á legalidade.**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluidos na orde do día, que declaran urxentes:

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta da Alcaldesa, de data 30 de novembro de 2012, sobre denuncia formulada por Dª Paz Vázquez Fernández pola existencia de tres obras no lugar de Ervixe que non se axustan á legalidade, que se transcribe:

"ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Con data 23 de xaneiro de 2012, dona Paz Vazquez Fernández, presentou escrito neste concello, rexistro entrada 296 no que formulaba denuncia pola existencia de tres obras no lugar de Ervixe que non se axustan á legalidade:

- Un muro o lado da pista a entrada del lugar de Ervixe (finca n^o2358)
- Un caseto de bloques situado en la cima de la finca N^o 358/
- Una nave no lugar de Ervixe al lado de la pista que va al lugar de Pedrouzo (finca 331)

Manifesta que estas propiedades pertencen a M^a Luisa Pérez Collazo.

SEGUNDO: Con data 25 de xuño de 2012 , rexistro entrada 3483, reitera dito escrito.

TERCEIRO: Dona M^a Luisa Pérez Collazo, é titular de varias edificacions recoñecidas ó abeiro da lei 9/2002 de 30 de decembro, segundo o acordó da xunta de goberno local de data 23 de setembro de 2004.

Por todo o exposto, PROPOÑO

- 1º.- *Dar traslado do expediente os servicios técnicos do concello para que se*

proceda a realizar visita de comprobación para determinar, dado o impreciso da denuncia, se as edificacións denunciadas se atopan dentro das recoñecidas nesta sesión da xunta de goberno local, ou se por o contrario se trata de outra, e neste último caso, se fosen legalizables ou non.

2.- *Que se dé traslado deste acordo ás partes.”*

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Dar traslado do expediente os servicios técnicos do concello para que se proceda a realizar visita de comprobación para determinar, dado o impreciso da denuncia, se as edificacións denunciadas se atopan dentro das recoñecidas nesta sesión da xunta de goberno local, ou se por o contrario se trata de outra, e neste último caso, se fosen legalizables ou non.

2.- Que se dé traslado deste acordo ás partes.

2.- **Proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, sobre o Programa de Colaboración Social.**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluidos na orde do día, que declaran urxentes:

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcadesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, de data 14 de xaneiro de 2013, sobre o Programa de Colaboración Social regulado polo R.D. 1445/1982 da Consellería de Traballo, que se transcribe:

“Visto o R. D. 1445/1982 de 25 de xuño modificado polo R.D. 189/1986 de 28 de Xuño que regula os Traballo de Colaboración Social para Administracións Públicas que realicen traballo destas características.

Visto que o Concello de Silleda como beneficiario destas axudas está en condicións de desenvolver un Programa de Accións de Interese Social e Colectivo que encaixa perfectamente nos Programas de Colaboración Social deseñados pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

Visto que como requisito previo o Concello de Silleda, como Administración Pública solicitante debe, preparar unha Memoria Xustificativa na que deberán constar: O obxecto da obra ou servizo, a localización, o prazo de execución don data de inicio e fin e a persoa e cargo do responsable da obra así como, a utilidade social e a relación de traballadores necesarios con indicación das especialidades e categorías,

Esta Concellería de Obras e Servizos propón ao Goberno Local que de adopte o seguinte Acordo:

1.- Acollerse a este Programa de Colaboración Social regulado no R.D. 1445/1982 da Consellería de Traballo.

2.- Aprobar a Memoria Xustificativa elaborada pola Concellería de Obras e Servizos do Concello para a integrar a 6 persoas desempregadas durante 6 meses.

3.- Iniciar a Tramitación da Solicitud”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

1.- Acolllerse a este Programa de Colaboración Social regulado no R.D. 1445/1982 da Consellería de Traballo.

2.- Aprobar a Memoria Xustificativa elaborada pola Concellería de Obras e Servizos do Concello para a integrar a 6 persoas desempregadas durante 6 meses.

3.- Iniciar a Tramitación da Solicitud

Anexo: Memoria asinada polo concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña, de data decembro de 2012, que se transcribe:

“MEMORIA EXPLICATIVA
XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

A/ LIMPEZA DE VIAIS HUMANIZACIÓN URBANA.

INTRODUCCIÓN

O Concello de Silleda, con actuacións da Corporación xa dende o ano 2007, fixo un gran esforzo presupuestario en intervencións urbanísticas con proxectos que incidiron na calidade do espazo público. Urbanizáronse rúas en Silleda e A

Bandeira, con novos conceptos de deseño, máis humanos, con colocacións de bancos, papeleiras, bolardos, novas farolas e conxuntos verdes.

De aí que tamén xustifica esta exposición a atención destas áreas urbanas do Concello nos apartados de limpeza dos viais e conservación do mobiliario.

SERVIZOS

As diferentes tarefas que se desenvolven para a prestación deste servizo podémolas agrupar en operacións de:

Varrido manual de beirarrúas:

- Limpeza en detalle de beirarrúas e calzadas
- Vaciado de papeleiras
- Recollida de excrementos de animais.
- Eliminación de terras de arrastre.
- Eliminación de herbas.

Lavado de beirarrúas:

- Consiste no lanzamento de auga a presión con mangueiras e recollida dos residuos arrastrados mediante o procedemento de varrido manual.

Limpeza de mercados ambulantes:

É obxecto deste servizo o varrido e lavado dos lugares destinados ao mercados ambulantes e Feiras como as celebradas na Bandeira os días 14 e 29 de cada mes.

Limpezas especiais con motivo de feiras, festas e actos públicos en xeral:

Este servizo contempla a limpeza de aquelas zonas que presentan índices elevados de suciedad por riba do que corresponde por lóxica actividade cidadá con motivo de:

- Manifestacións ou actos na vía pública
- Feiras puntuais, concentracións populares, deportivas
- Outros acontecementos

EQUIPO:

- Duración: 6 meses.

- Equipo permanente do Concello.
- 4 Péons de Limpeza (Varrendeiros)
- (Colaboración Social da Xunta).
- Xornada de Traballo: Completa, de Luns a Venres en horario de 8:00 h a 15:00 h.

B/ ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DAS ÁREAS RECREATIVAS E ZONAS VERDES.

Así mesmo vaise centrar un gran esforzo no acondicionamento, embelecemento e atención das diferentes Areas Recreativas e de Ocio de propiedade municipal incidindo sobre de todo nas seguintes:

- **PARQUE MUN. DAS PEDROSAS**

*Parque Biosaudable da Terceira Idade.
Parque Infantil.*

- **PRAZA TENOR VALES MAHIA**

Parque Biosaudable

- **ÁREAS DE DESCANSO DE:**

- *Taboada*
- *Lamela*
- *Siador*
- *O Castro*
- *Cira (O Curro)*

- **ESPAZOS VERDES DAS ESTRADAS:**

Ordenación das zonas situadas en:

- *A Rocha*
- *Lamela*
- *Silleda (Foxo)*
- *Silleda (Fonte de Campo)*
- *Silleda (Cemiterio e Pedrosas)*
- *Taboada*
- *Ponte (Entrada en Silleda de Vila de Cruces)*

- **AREAS RECREATIVAS DAS PARROQUIAS EN XERAL:**

- *Andamollo*
- *Moalde*
- *Escuadro*
- *Cira*

ACCIÓN NA VIA DA PRATA 2012.

- *LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DA VIA DA PRATA SEGUN O PLAN DE MELLORA ELABORADO.*

- *Desbroce e limpeza do Camiño en :*

- *Taboada*
- *Trasfontao*
- *O Foxo*
- *Dornelas*

EQUIPO:

- *Duración: 6 meses.*
- *Equipo permanente do Concello.*
- *2 Péons de Xardinería.*
(Colaboración Social).
- *Xornada de Traballo: Completa de Luns a Venres en horario de 8:00 h a 15:00h.*

C.- PROGRAMA DE AFORRO ENERXÉTICO

A crise profunda que se está a padecer obrigou ao Concello de Silleda a intensificar os seus esforzos en programas de aforro enerxético, como unha das grandes asignaturas pendentes a introducir nas axendas anuais.

En particular entre as accións que se van a emprender neste liña hai que destacar:

- *Colocación de lámparas de menor consumo e máis rendemento.*
- *Colocación de contadores con discriminación horaria.*
- *Instalación de paneis solares térmicos en edificios de gran consumo de auga sanitaria.*
- *Apagados de farolas en lugares superfluos.*

EQUIPO:

- *Equipo oficial do Concello*
- *1 Péon de electricista. Colaboración social.*

- *Xornada de Traballo: Completa de Luns a Venres en horario de 8:00 h a 15:00h.*
- *Duración: 6 meses.*

OBRAS, SERVIZOS E EMPREGO: EXERCICIO 2013

O programa para o exercicio 2013 pretende continuar na mesma liña de traballo, de maneira que se incidirá naquelas Obras e Servizos que precisan de atención inmediata como as descritas anteriormente reforzando a atención ás demandas urbanas. Este Programa de Accións de Interese social e Colectivo, proxectado polo Concello, cumple unha finalidade, que cremos encaixa perfectamente nos Programas de Colaboración social deseñados pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, de maneira que:

Por unha banda, dotar ao Concello de infraestruturas, equipamentos e áreas de esparcemento e lecer, onde os veciños poidan desenvolver as súas iniciativas en términos de calidade, e doutra, busca-la cualificación profesional dos traballadores que componen os equipos, atender certos colectivos en paro e satisfacer necesidades de interese xeral, xenerando emprego, ainda que sexa dunha maneira temporal.

*Silleda, Decembro 2012
Asdo. Manuel Cuiña Fernández
Concelleiro de Obras e Servizos”*

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifíco.

Silleda, a 14 de xaneiro de 2013.

*Vº e Prace
A ALCALDESA,
Asdo. Paula Fernández Pena*

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

